

Evidencia de:
Grado en Derecho

SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIALES

AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Denominación del Título
Grado en Derecho

Centro
Facultade de Ciencias Xurídicas (Vigo)

Tipo de centro

- Propio
- Adscrito

Centro
Facultade de Dereito (Ourense)

Tipo de centro

- Propio
- Adscrito

Centro

Tipo de centro

- Propio
- Adscrito

Centro

Tipo de centro

Propio

Adscrito

Autoinforme provisional. Órgano de aprobación

Junta de Facultad

Fecha

05 / 11 / 2013

Autoinforme definitivo. Órgano de aprobación

Comisión Permanente

Fecha

12 / 10 / 2013

Evidencia de:
Grado en Derecho

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Descripción del título

ID del título

2501118 (RUCT) GRADUADO/A EN DEREITO POLA UNIVERSIDADE DE VIGO

Rama de conocimiento

CIENCIAS XURÍDICAS E SOCIAIS

Universidad solicitante

UNIVERSIDADE DE VIGO [CIF Q8650002B]

Centro responsable de las enseñanzas conducentes al título o, de ser el caso, departamento o instituto

FACULTADE DE DEREITO (CAMPUS DE OURENSE) ; FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (CAMPUS DE VIGO)

Centro/s donde se imparte el título

FACULTADE DE DEREITO (OURENSE)
FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (VIGO)

En caso de títulos interuniversitarios, universidad coordinadora y universidades participantes. UNIVERSIDAD COORDINADORA:

UNIVERSIDADES PARTICIPANTES:

Tipo de educación

PRESENCIAL

Régimen de estudos**Periodicidade de la oferta****Número de plazas de nuevo ingreso ofertadas**

60 Ourense; 80 Vigo

Número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudante y período lectivo

Segundo a normativa de permanencia e progreso do estudantado das titulacións oficiais de grao e de máster universitarios da Universidade de Vigo aprobada polo Consello Social o 2 de abril de 2013, a matrícula non poderá superar o límite máximo establecido para cada caso e realizarase tendo en conta as incompatibilidades establecidas no seu plan de estudos.

O alumnado de primeiro curso por primeira vez a tempo completo deberá matricularse dos créditos de que consta o primeiro curso das ensinanzas de grao. O resto do alumnado en réxime de tempo completo formalizará matrícula entre 48 e 60 ECTS por curso académico, agás a quen lle resten menos de 48 para rematar os estudos.

A matrícula poderase formalizar en calquera materia do plan de estudos de cursos que non estean totalmente extinguidos, sempre que non se incorra nalgún dos supostos de impedimento de matrícula establecidos nas normas de xestión académica, na normativa de permanencia da Universidade de Vigo aprobada polo Consello Social o 13 de xuño de 2001, modificacións posteriores, na normativa de permanencia e progreso do estudantado das titulacións oficiais de grao e de máster universitarios da Universidade de Vigo aprobada polo Consello Social o 2 de abril de 2013, en resolucións aclaratorias, nos plans de estudo e sen prexuízo das incompatibilidades de exame (materias chave) establecidas entre as distintas disciplinas.

A modalidade de matrícula a tempo parcial será de como mínimo 24 ECTS e menos de 48 ECTS, agás a quen lle resten menos de 24 para rematar os estudos.

Normas de permanencia

A vixente normativa de permanencia da Universidade de Vigo foi aprobada polo Consello Social o 2 de abril de 2013, e publicada no Diario Oficial de Galicia (núm. 76, de 19 de abril de 2013) por Resolución de 10 de abril da Universidade de Vigo:

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130419/AnuncioU500-100413-0004_gl.html

Atópase publicada na web da Universidade, neste enlace:

http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Uvigo/norm_perm_grao_mster.pdf

Información sobre la expedición de suplemento al título

Consonte a normativa vixente -Real Decreto 1044/2003, de 1 de agosto, polo que se establece o procedemento para a expedición polas Universidades do Suplemento Europeo ao Título- a Universidade de Vigo expedirá o Suplemento Europeo

ao Título, documento complementario ao Título Oficial Universitario.

Elabórase en tres idiomas: galego, español e inglés e ten, asimismo, a consideración de Suplemento Europass (programa europeo que facilita a formación e o traballo en Europa)

Responsable del título

PROF. DR. D. ROBERTO BUSTILLO BOLADO; PROF^a DR^a D^a ANA MARÍA PITA

Coordinador/a del título

PROF^a. DR^a. D^a. LOURDES BORRAJO DIZ; PROF. DR. JAIME ANEIROS PEREIRA

Correo electrónico del/de la responsable del título

rbustillo@uvigo.es, apita@uvigo.es

Fecha de verificación del título

26 / 06 / 2009

Fecha de aprobación por el Consejo de Ministros

30 / 10 / 2009

Fecha de autorización de la implantación por la Xunta de Galicia

27 / 08 / 2009

Fecha de inscripción en el RUCT

03 / 11 / 2010

Fecha de publicación en el BOE

03 / 11 / 2010

Curso de Implantación

2009/2010

Modificaciones autorizadas

Non hai modificacións.

Con todo, sí se publicou unha rectificación de erros, no BOE de 28-01-2011 (Corrección de erratas da RR. de 15 de outubro de 2010 da Universidade de Vigo pola que se publica o plan de estudos de Graduado en Dereito)

Fecha de la última acreditación

26 / 06 / 2009

Órgano responsable del Sistema de Garantía de Calidad del título

A responsabilidade sobre o SIGC corresponde ás Xuntas de Facultade dos centros no que se imparte a titulación.

Memoria vigente del título



IT04 PE03 UVIGrado_en_Derecho.pdf

Descripción del Título. Valoración general del cumplimiento del criterio

Reflexión (justificación)/ conclusiones

Buenas prácticas

Propuestas de mejora

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

Valoración general del cumplimiento del criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Evidencia de:

Grado en Derecho

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Justificación" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Política y objetivos de calidad de la formación" del Programa FIDES-AUDIT.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Justificación. Valoración general del cumplimiento del criterio**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

Os estudos de Dereito que se imparten na Universidade de Vigo cumpren coa finalidade para a que foron propostos e contan con indicadores que así o demostran. Así, o grado de satisfacción do alumnado sobre o Grao en Dereito é dun 4.88 sobre 5 puntos posibles, sendo o grado de satisfacción das mulleres dun 4.80 e dun 5 nos homes, segundo os datos do SID para o curso 2012-2013. Por centros, os resultados da Facultade de Dereito de Ourense son dun 4.57, no caso dos homes, e dun 4.72 para as mulleres. En Vigo, a valoración coincide para ambos sexos no 3.89.

Pódese dicir que o interese social por estudos xurídicos se mostra de xeito claro a través das peticións de matrícula e da matrícula efectiva que se realiza nos dous centros da Universidade de Vigo. Todo isto aínda que nos atopamos nun contexto de crise económica que fai máis difícil o acceso aos estudos universitarios e o mantemento do comportamento ordinario dos cidadáns. En todo caso, trátase un feito que xa se ven sinalando nos anteriores informes de seguimento como indicativo da xustificación da titulación. Neste sentido, hai que dicir que a totalidade das prazas ofertadas cúbrese na primeira oportunidade de matrícula para os estudantes de novo acceso, sendo superiores as peticións de matrícula que as prazas disponibles.

Esta situación é reveladora da tendencia xeral neste ámbito. A última Estatística da Ensinanza Universitaria en España

publicada polo Instituto Nacional de Estatística (INE), no curso 2010-2011, sinala a Dereito como una das carreiras máis solicitadas. O xornal El Economista publicaba o pasado 11 de xuño de 2013 a relación de Grados máis demandados e situaba a Dereito no cuarto posto dos dez grados máis solicitados. Os datos para o curso 2013-2014 do propio Sistema Universitario de Galicia para o Grado en Dereito da Universidade de Vigo reflicten 313 solicitudes para a Facultade de Dereito en Ourense e 455 para a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo en Vigo. Estes datos, aínda que non aplicables ao informe do curso 2012-13, mostran o notable interese que vai acadando o grao en Dereito no sur de Galicia. Quizáis tamén teñamos que ter en conta outro dato revelador do interese dos estudos e do perfil do alumnado pois na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo incrementouse a nota media de acceso, de forma paulatina, nos tres últimos cursos. Así, dun 6.26 no curso 2010-2011, pasouse a un 6.68 no curso 2011-2012 e a un 7.18 no curso 2012-2013. Na Facultade de Dereito en Ourense a tendencia é similar, sendo a nota de corte un 6.642 no curso 2012-2013.

En canto á viabilidade dos estudos en Dereito de cara á consecución do emprego, a Enquisa de Poboación Activa (EPA) de 2012 a carreira de Dereito ten un índice de empregados do 73.76%, dos cales o 75.02% correspóndese a varóns e o 72.58 % a mulleres. A clave deste bo dato pode estar na versatilidade dos egresados posto que se atopan tanto na empresa privada como no sector público.

Así mesmo, debe destacarse que o título de Grao en Dereito habilita para poder acceder aos Másteres da Avogacía e Procura, tal e como dispón o artigo 2 da Lei 34/2006 de 30 de outubro, de forma que é o título que permite acceder ás profesións de Avogado e Procurador dos Tribunais. Polo tanto, un bo número de persoas interesadas nestas profesións teñen que cursar estes estudos previos para poder exercer a avogacía ou a procura. Do mesmo xeito, o interese polo acceso a formación de posgrao especializada no ámbito de asesoramento a empresa tamén xustifica o interese por estes estudos.

En canto aos referentes externos sobre a adecuación do título, temos que sinalar que o mesmo foi verificado e aprobado en tódolos seus termos pola ANECA (BOE do 15 de outubro de 2010, Resolución da Universidade de Vigo publicando o Plano de Estudos de Grao en Dereito). Así mesmo, a Axencia para a calidade do sistema Universitario de Galicia, deu conformidade ao Informe de Seguimiento da Titulación realizado no curso académico 2010-2011.

Ámbalas dúas Facultades continúan asistindo ás Conferencias de Decanas e Decanos das Facultades de Dereito das Universidades Españolas, participando activamente na XVI Conferencia celebrada en A Coruña -2009-, na XVII Conferencia celebrada en Valencia -2010- e na XVIII Conferencia celebrada en La Rioja -2011-, XIX Conferencia celebrada en Calatayud (Zaragoza)- 2012-.

Ámbalas dúas Facultades pertencen á European Association of Law Faculties, considerado observatorio privilexiado na implantación do EEES.

No referido aos procedementos de consulta, tal e como se puxo de manifesto na Memoria para a solicitude de Verificación do Título de Grao en Dereito, temos que diferenciar a consulta interna e a consulta externa, que, sen embargo, son complementarias. Así, unha vez que a Titulación se implantou no curso académico 2009-2010, os equipos decanais das dúas Facultades puxeron en marcha, seguindo as instrucións e normativa da Universidade de Vigo, sendas Comisións de Garantía Interna de Calidade en cada centro. Estas Comisións teñen como función participar nas tarefas de planificación e seguimento do SGIC, comunicar e difundir a política, obxectivos, plans, programas, responsabilidades e logros do SGIC. Así mesmo, os membros que forman parte delas presentan un espectro moi amplo –por iso precisamente se fala da complementariedade das consultas internas e externas-: non só hai membros do equipo decanal e representantes do PDI, senón que tamén participan un representante dos egresados por cada titulación que se imparte, un membro da sociedade pertencente ó Colexio de Avogados, un membro do PAS e un membro da área de Alumnado, Docencia e Calidade. Por outra parte, tal e como se puxo de manifesto no Informe de Seguimento 2010-2011, procurouse a máxima coordinación posible entre os dous Centros e, por elo, creouse unha Comisión Paritaria dos dous centros, con participación dos coordinadores do Título, co obxecto de tomar decisións conxuntas no relativo a temáticas afectantes a ámbalas dúas Facultades.

Buenas prácticas

- Cobertura de tódalas prazas ofertadas durante o primeiro período de matrícula dos alumnos que finalizaron Bachalerato e aprobaron a Selectividade.
- Participación das Facultades na European Association of Law Faculties.
- Participación activa nas Conferencias de Decanos das Facultades de Dereito de España.
- Incorporación ao claustro de profesores a profesores asociados que exercen unha actividade xurídica no entorno

xeográfico e que son capaces de aportar os seus coñecementos teórico-prácticos ao alumnado.

- Maior cohesión, entre ámbalas dúas Facultades, na toma de decisións comúns relacionadas co Título a través da Comisión Paritaria e da Xunta de Titulación.
- Participación da Facultade de Ciencias Xurídicas e do traballo en redes sociais para ter mais información dos egresados.
- Organización de actividades académicas para os egresados.
- Adaptación ao entorno rexional.
- Medidas adoptadas para a orientación do alumnado.

Propostas de mejora

- Acadar unha participación máis activa dos egresados a través de Cursos Monográficos de temas xurídicos de actualidade destinados especificamente para eles.
- Organización dun curso conxunto co alumnado dirixido a que coñezan os trámites e as obrigas derivadas de iniciar una actividade económica.
- Consecución efectiva de datos dos egresados a través da Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade una vez que se consigan os recursos necesarios.
- Adaptación de la oferta de asignaturas optativas a la demanda social de las mismas.
- Favorecer a simultaneidade de estudos no caso da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

PAM derecho.pdf

Evidencia de:

Grado en Derecho

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Competencias" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Objetivos del plan de estudios" del Programa FIDES-AUDIT.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Competencias / objetivos. Valoración general del cumplimiento del criterio

Valoración general del grado de cumplimiento del criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

- 1) Os obxectivos xerais do título seguen a ser coherentes coas políticas e normas de igualdade, tanto en relación coa cuestión de xénero coma coa igualdade de oportunidades e accesibilidade universal das persoas con algunha discapacidade.
- 2) As competencias contidas na memoria seguen a corresponderse coas competencias xerais que se establecen nos Reais decretos 1393/2007 e 861/2010 para outorgar o título de Grao en Dereito.
- 3) As competencias contidas na memoria seguen a ser coherentes cos obxetivos xerais do título.
- 4) As competencias contidas na Memoria fixaron unha formación de carácter xeral, que deberá ser complementada posteriormente con estudos de posgrao. Neste senso cómpre salientar a implantación do Mestrado Universitario en Avogacía no curso 2012/2013, que se perfila como un complemento acaído ás necesidades de formación do alumnado de grao.
- 5) A implantación dos catro cursos do grao e o deseño das guías docentes de cada materia en cada un dos cursos académicos, poñen de manifesto que os docentes se están a axustar, en termos xerais, a esas competencias.
- 7) O título establece con claridade as competencias últimas que ten que adquirir o alumnado ao finalizar os seus estudos. Neste senso, a guía de titulación, formada polas guías docentes e que se revisan e elaboran anualmente, reflicten eses obxectivos, axustados en todo momento ao contido da Memoria do Grao.
- 8) Segue habendo correspondencia entre as competencias establecidas e as recollidas en documentos de redes ou

entidades nacionais e internacionais.

9) A supervisión da elaboración das guías docentes, entendida non cun carácter fiscalizador senón de acompañamento e axuda ao docente durante o proceso de elaboración das guías, constitúe un dos instrumentos clave para cumprir coas competencias e obxectivos establecidos para a titulación.

10) Neste último sentido, considérase que o papel exercido polo coordinador de Grao é clave. Precisamente, para levar adecuadamente esta función, dende a coordinación do Grao en Dereito, estableceuse un proceso interno de elaboración das guías docentes que vén mellorar o que se viña realizando en anos anteriores. Así, ademais do calendario de elaboración (esixido pola normativa da Universidade de Vigo) estableceuse un sistema de dobre revisión, normalizáronse os formularios nos que figuran as incidencias que deben ser corrixidas nas guías e habilitouse unha conta de correo ad hoc.

Buenas prácticas

1) As competencias definidas na memoria de Grao son recollidas e publicadas na páxina web do centro (https://seix.uvigo.es/docnet-nuevo/guia_docent/index.php?centre=103&ensenyament=O03G080V01&any_academic=2013_14) a través da guía de titulación.

2) O proceso de elaboración das guías docentes é supervisado polo coordinador de Grao que, deste xeito, pasa a ser un garante de que nas devanditas guías se recollan debidamente as competencias definidas para o título e que deberán acadar os alumnos que aspiren á obter esta titulación.

3) A elaboración das guías docentes ten unha periodicidade anual, de xeito que antes de que se abra o proceso de matrícula para o vindeiro curso, as guías docentes de cada materia son elaboradas polo coordinador de materia, corrixidas polo coordinador de Grao, revisadas, aprobadas pola Xunta de Facultade e debidamente publicadas.

4) Un dos criterios determinantes para que as guías sexan obxecto do informe favorable sen reparos por parte do coordinador de Grao é que se axusten debidamente ás competencias (tanto da titulación como da materia) establecidas na Memoria de Grao.

5) Para acadar a consecución de competencias e obxectivos, implantáronse as seguintes normas de coordinación:
-Na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e segundo a normativa interna de coordinación, implantáronse, a modo de ferramentas didácticas, os cronogramas de materias nos que cada profesor debe plasmar as tarefas a realizar, en especial as avaliacións planificadas.

-Na Facultade de Dereito, a planificación e coordinación de materias efectúase mediante xuntanzas periódicas cos profesores responsables.

6) En relación coa definición de obxectivos e competencias, que deben plasmarse nas guías das materias e, consecuentemente, nas guías de titulación, e co obxecto de acadar unha maior coordinación entre a Fac. Dereito e a Fac. CC.XX e do Traballo, no curso 2011-2012 deuse cumprimento ao establecido na páxina 36 da Memoria do Grao en Dereito, que sinala: "Finalmente, dada a peculiaridade que presenta el Grado en Derecho en la Universidad de Vigo, al impartirse en dos centros ubicados en dos campus, también es necesario establecer mecanismos de coordinación docente entre ambos centros. A tal efecto, se constituirá una comisión de coordinación del grado en Derecho, constituida por los/las Decanos/as, los/las coordinadores/as de Grao (o Responsables de Titulación) y los/las coordinadores/as de curso de ambos centros, con el objetivo de evaluar y tomar decisiones sobre las incidencias o posibles discordancias que surjan entre un centro y otro en relación con el desarrollo de la docencia y las actividades formativas".

Propuestas de mejora

1) Os coordinadores de Grao, nas distintas reunións de coordinación que manteñan co profesorado, fomentarán a reflexión entre o profesorado responsable das diferentes materias respecto das competencias plasmadas nas guías docentes, co obxecto de que éstas se axusten ás tarefas realizadas durante o curso académico e, xa que logo, sexan obxecto de desenvolvemento efectivo.

2) As modificacións introducidas no proceso de elaboración de guías docentes buscan asegurar que éstas se axusten exactamente, no que a competencias se refire, ao contido da memoria do Grao

3) Estas melloras son resultado de catro anos de experiencia no proceso de elaboración das guías docentes, e axilizan o proceso de elaboración, facilitando ademais o control por parte do coordinador do Grao.

4) Convocar periódicamente e, polo menos, unha vez por curso académico a comisión de coordinación entre a Fac.

Dereito e a Fac. CC.XX e do Traballo.

5) Na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e reflexionar sobre a avaliación do TFG en relación coa adquisición de competencias dacordo coa ficha da memoria. No seu caso, modificación na normativa do TFG

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

PAM derecho.pdf

Evidencia de:

Grado en Derecho

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Acceso y admisión de estudiantes" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Política y procedimientos de admisión" del Programa FIDES-AUDIT.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Acceso y admisión de estudiantes. Valoración general del cumplimiento del criterio

Valoración general del grado de cumplimiento del criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

Os procedementos de acollida e orientación dos novos estudantes son importantes na medida en que permiten coñecer a institución, os seus requisitos de funcionamento e o entorno académico no que se van a desenvolver os estudos. Os procedementos postos en marcha polo centro atenden á finalidade de dar información antes da matriculación, nos momentos iniciais de comezo dos estudos de grao así como durante a realización dos estudos.

O acceso á titulación ríxese polo disposto no Real Decreto 1892/2008, de novembro e a súa modificación polo Real Decreto 558/2010, de 7 de maio, que regula as condicións para o acceso á ensinanza universitaria oficial de Grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas. Deste xeito contéplase a admisión de novo alumnado e de alumnado estranxeiro, sexa como visitante ou o abeiro dos programas de intercambio, así como a dirixida á homologación de títulos estranxeiros.

A Universidade de Vigo non esixe ningún requisito adicional e haberá que ter superadas as probas selectivas preceptivas ou estar en posesión dalgún título dos previstos na normativa aplicable. Así pois, a matrícula pode formalizarse en calquera materia do plan de estudos sempre que non se incorra nalgún dos supostos de impedimento de matrícula establecidos nas normas de xestión académica, na normativa de permanencia da Universidade de Vigo aprobada polo Consello Social o 13 de xuño de 2001, modificacións posteriores, na normativa de permanencia e progreso do estudantado das titulacións oficiais de grao e de máster universitarios da Universidade de Vigo aprobada polo Consello Social o 2 de abril de 2013, en resolucións aclaratorias, nos plans de estudo e sen prexuízo das incompatibilidades de exame (materias chave)

establecidas entre as distintas disciplinas.

Na páxina web de ámbalas dúas Facultades ofrécese información detallada sobre os estudos do Grao en Dereito. En concreto, en cumprimento do sinalado no informe correspondente ao curso 2010-2011, no caso da Facultade de Dereito procedeuse á inclusión dun enlace coa normativa da Universidade de Vigo referente ao recoñecemento de créditos para alumnos procedentes de outras Titulacións.

Segundo a normativa de permanencia e progreso do estudantado das titulacións oficiais de grao e de máster universitarios da Universidade de Vigo aprobada polo Consello Social o 2 de abril de 2013, a matrícula non poderá superar o límite máximo establecido para cada caso e realizarase tendo en conta as incompatibilidades establecidas no seu plan de estudos. Así pois, pode realizarse tanto a tempo completo como a tempo parcial. Cando concorran circunstancias que impidan realizar os estudos a tempo completo, poderase solicitar simultaneamente á formalización da matrícula o cambio a tempo parcial sempre que se cumpran os requisitos esixidos na normativa de permanencia e progreso da Universidade de Vigo. A inmensa maioría das matriculacións realizáanse a tempo completo no primeiro ano do Grao en Dereito o cal pon de manifesto que o perfil de ingreso é de xóvenes que queren iniciar os seus estudos universitarios.

Na Memoria para a Solicitud de Verificación do Grao recomendábase e, por suposto, sigue recomendándose, que os alumnos de novo ingreso opten na etapa educativa anterior á universitaria por unha formación orientada ás Ciencias Sociais e ás Humanidades, así como coñecementos básicos de matemáticas. Así mesmo, é recomendable que os alumnos teñan as inquiredanzas xa mencionadas na citada Memoria: interese por descubrir e profundizar no marco xurídico, interese pola aprendizaxe autónoma, etc.

Esta cuestión expónse nas visitas realizadas aos distintos centros de educación secundaria do entorno xeográfico, así como nas visitas realizadas por alumnos bacharelato ás dúas Facultades, nas que os coordinadores expoñen a formación académica e as competencias transversais óptimas para iniciar con éxito os estudos xurídicos.

A definición deste perfil atópase no procedemento PC04 do documento de garantía da calidade das dúas Facultades e, tamén, se atopa visible para calquera alumno nas Guías Docentes, concretamente nas competencias da Titulación, publicadas na páxina web das dúas Facultades.

Ademais, a Universidade de Vigo conta cunha serie de servizos que facilitan o apoio e a orientación dos alumnos unha vez matriculados para favorecer a adaptación á Universidade e aos estudos e metodoloxías que se empregan nela. Estes servizos publicítanse na páxina web da Universidade de Vigo pero tamén nas sesións informativas e por medio dos cursos de técnicas de estudo, oratoria, motivación, etc que se organizan. Así mesmo, no Curso Cero (no caso da Facultade de CCXX e do Traballo exclusivamente) e nas xornadas informativas para o alumnado de novo ingreso, que transcurre na primeira semana de inicio das clases, tódolos alumnos reciben sendas charlas dos servizos de apoio e orientación dos estudantes. Por outra banda, a implantación do Plan de Acción Tutorial permite aos profesores atender e axudar aos alumnos que teñan dificultades na aprendizaxe.

A finalidade é que o alumnado disfrute dun correcto aproveitamento do seu tempo para aumentar o rendemento e a súa integración nas Facultades e nos graos, así como nas distintas posibilidades que ofrece o grao.

Tamén se conta cun sistema de recoñecemento de créditos, segundo establece o Real Decreto 861/2010, e que se pode consultar na normativa xeral da Universidade, apartado de organización académica.

Os mecanismos de transferencia e recoñecemento de créditos se establecen conforme á normativa vixente ao respecto, RD 861/2010, que no artigo 6.2 establece: "A los efectos previstos en este real decreto, se entiende por reconocimiento la aceptación por una universidad de los créditos que, habiendo sido obtenidos en unas enseñanzas oficiales, en la misma u otra universidad, son computados en otras distintas a efectos de la obtención de un título oficial. Asimismo, podrán ser objeto de reconocimiento los créditos cursados en otras enseñanzas superiores oficiales o en enseñanzas universitarias conducentes a la obtención de otros títulos, a los que se refiere el artículo 34.1 de la Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, de Universidades.

La experiencia laboral y profesional acreditada podrá ser también reconocida en forma de créditos que computarán a efectos de la obtención de un título oficial, siempre que dicha experiencia esté relacionada con las competencias inherentes a dicho título.

En todo caso no podrán ser objeto de reconocimiento los créditos correspondientes a los trabajos de fin de grado y máster", modificando o Real Decreto 1393/2007, no que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. Las normativas correspondientes a la transferencia de créditos se encuentran disponibles en la página web del centro: http://webs.uvigo.es/cienciasxuridicasedotraballo/index.php?option=com_weblinks&view=category&id=52&Itemid=190&lang=es

Buenas prácticas

-A admisión (preinscripción) polo proceso convocado pola Comisión interuniversitaria de Galicia faise a través dos procedementos telemáticos establecidos (<http://ciug.cesga.es>), o cal axiliza o procedemento de matrícula e permite ao alumnado familiarizarse coa aplicación informática da Universidade de Vigo.

-Realízanse actuacións de difusión do Título de Grao nos centros educativos do entorno xeográfico durante o mes de marzo (apoiadas, no caso da Facultade de CCXX e do Traballo nun vídeo explicativo tanto das instalacións da Facultade como do título de Grao en Dereito que se imparte na mesma). Estas actividades enmárcanse no Plan de Captación aprobado polos dous equipos decanais.

-A Universidade e as Facultades participan en foros informativos para estudantes e en Feiras educativas nas que participan as Universidades.

-Ao comezo do período lectivo organízanse, nos dous centros, sesións informativas para os alumnos de nova matrícula coa finalidade de difundir contidos, responsables da docencia, e a existencia de títolos chamados a resolver os conflitos que poidan xurdir.

- Na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, realízanse visitas guiadas para estudantes de bacharelato previamente concertadas. Nestas actividades de difusión explícaselle aos alumnos as competencias que deben ter o intentar adquirir para iniciar os estudos xurídicos.

- Na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo, realízase un curso de benvida (no ano 2009-10, 2010-2011, 2011-2012, 2012-2013 denominado "curso cero"), onde teñen lugar unha serie de actividades ao longo dunha semana que deben entenderse como actividades de información, de todos os servizos da Universidade que están a disposición dos alumnos, así como servizos da facultade, saídas profesionais, metodoloxía, etc.

-Existe en ámbalas dúas Facultades un Plan de Acción Titorial, implantado ao través do Sistema de Garantía Interno de Calidade.

-Implantación completa do "Procedemento de Definición de Perfiles e Captación de Estudantes. Plan de Promoción e Captación de Estudantes da Facultade de Dereito" (cod. IT03-PC03) e do "Plan de Promoción e Captación dos estudantes da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo" (cod IT03-PC03), no que se contemplan de xeito estratéxico diversas accións a fin de promover e captar estudantes para o centro.

Na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo publicítase, na información académica da web, as validacións automáticas. A finales del curso 2012/2013 –Junta de Facultad de 8 de julio de 2013- foron aprobados os cadros de convalidacións/recoñecemento automático entre os graos que se imparten actualmente no centro e que veñen a sumarse aos aprobados para as titulacións xa extinguidas.

Así pois, na actualidade están aprobados os seguintes cadros de convalidacións automáticas:

- Diplomatura en Relacións Laborais a Licenciatura en Dereito
- Licenciatura en Dereito a Diplomatura en Relacións Laborais
- Grao en Dereito a Grao en Relacións Laborais
- Grao en Relacións Laborais a Grao en Dereito

Propuestas de mejora

Na Facultade de Dereito de Ourense:

- Implantación dun curso de "Introducción aos estudos de Dereito" como "Curso cero" dirixido ao alumnado de novo ingreso a partir do curso 2013-2014.

Breve descripción de las modificaciones**Justificación de las modificaciones**

diptico curso0.pdf

Evidencia de:

Grado en Derecho

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Personal académico" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz "Garantía de la calidad del personal académico y de administración y servicios" del Programa FIDES-AUDIT.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Recursos humanos. Valoración general del cumplimiento del criterio**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

1) Actual dotación de profesorado e persoal de apoio:

Os equipos decanais non ostentan competencias en materia de selección de profesorado. A dotación de persoal académico efectúase conforme ao Regulamento de Profesorado (aprobado en Claustro o 24 de xullo de 2012), normativa que se inspira nos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade (art. 14 e 103.3 CE), correspondendo á Universidade, a través dos Departamentos, á conformación dos cadros de persoal. A lexislación vixente non deixa marxe para que os Decanatos participen dunha forma máis activa neste proceso e, nalgún caso, sería conveniente xa que coñecen as necesidades reais da titulación e de dotación e consolidación de profesorado.

Tamén debe facerse notar que resulta necesario continuar co proceso de incorporación de doutores á docencia, e de que sexa a tempo completo, así como non frear o proceso de funcionarización do personal laboral fixo e, tamén, de promoción de persoal funcionario. A estabilidade e a promoción son un dos instrumentos que permiten contar cunha docencia de calidade.

No curso académico 2012-2013, na FACULTADE DE DEREITO DO CAMPUS DE OURENSE, a plantilla de profesorado encargada de impartir docencia presentou a seguinte estrutura básica:

CATEGORÍA PROFESIONAL:

Catedráticos/as de Universidade: 2

Catedráticos/as de Escola Universitaria: 1

Profesores/as titulares de Universidade: 11

Profesores/as titulares de Escola Universitaria: 1

Profesores/as Contratados/as Doutores/as: 9

Axudantes doutores/as: 1
Profesores/as asociados/as: 15
Personal investigador predoctoral: 1

TOTAL DE PROFESORES: 41
TOTAL DE PROFESORES CON TITULACIÓN DE DOUTOR: 24
TOTAL DE PROFESORES CON ADICACIÓN A TEMPO COMPLETO: 24
TOTAL DE PROFESORES CON ADICACIÓN A TEMPO PARCIAL: 15
TOTAL DE PROFESORES CON VINCULACIÓN PERMANENTE: 24 (15 funcionarios e 9 laborais)
TOTAL DE PROFESORES CON VINCULACIÓN NON PERMANENTE: 17

Deben, xa que logo, destacarse os seguintes datos:

- A incorporación, como consecuencia da implantación do 4º curso da titulación de numerosos profesores doutores con vinculación estable e adicación a tempo completo.
- Consecuentemente, o incremento da porcentaxe de doutores:
 - % de docentes doutores no curso 2010-2011: 61,5 %
 - % de docentes doutores no curso 2011-2012: 68,4 %
 - % de docentes doutores no curso 2012-2013: 58,53%

Ademáis, debe sinalarse que no curso 2012-2013, realizaron tarefas de investigación conducentes á obtención do título de doutor, con recoñecemento das correspondentes bolsas de investigación, dúas persoas. No curso 2012-2013 houbo un profesor na categoría "personal investigador predoctoral". Tamén debe destacarse que unha persoa, que ten concedida a acreditación de Profesor Titular de Universidade pola ANECA, ten paralizada a transformación da súa praza como resultado da aplicación da normativa estatal e das instrucións do Ministerio de Facenda. A mesma situación se reproduce con dou profesores titulares que están acreditados para Catedrático de Universidade e que teñen bloqueada a súa promoción.

No curso académico 2012-2013 na FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO DO CAMPUS DE VIGO, a plantilla de profesorado encargada de impartir docencia presenta a seguinte estrutura básica:

CATEGORÍA PROFESIONAL:

Catedráticos/as de Universidade: 7
Profesores/as titulares de Universidade: 14
Profesores/as titulares de Escola Universitaria: 4
Profesores/as Contratados/as Doutores/as: 8
Profesores/as interinos: 6
Axudantes doutores/as: 2
Profesores/as asociados/as: 18

TOTAL DE PROFESORES: 52
TOTAL DE PROFESORES CON TITULACIÓN DE DOUTOR: 35
TOTAL DE PROFESORES CON ADICACIÓN A TEMPO COMPLETO: 36
TOTAL DE PROFESORES CON ADICACIÓN A TEMPO PARCIAL: 22
EXTERNOS: 4

TOTAL DE PROFESORES CON VINCULACIÓN PERMANENTE: 33 (catedráticos, titulares de universidade, titulares de escola universitaria e contratados doctores).

TOTAL DE PROFESORES CON VINCULACIÓN NON PERMANENTE: 26

Deben, xa que logo, destacarse os seguintes datos:

Unha docente acadou o grao de Doutor en Dereito aínda que sigue en situación de persoal laboral sen vinculación permanente. Tamén hai que destacar que outro investigador, adscrito a programas de investigación, defendeu a súa tese e alcanzou o grao de Doutor.

Tamén debe destacarse que dúas persoas, que teñen concedida a acreditación de Profesor Titular de Universidade pola ANECA, teñen paralizadas a transformación das súas prazas como resultado da aplicación da normativa estatal e das instrucións do Ministerio de Facenda. Do mesmo xeito, esta situación de paralización se traslada a outras dúas prazas de contratado doutor e de axudante doutor.

- A implantación do cuarto curso de grao en dereito e, consecuentemente, o final deste periodo de convivencia entre as titulacións de Licenciatura en dereito e grao en dereito, leva a que se incremente o número de docentes na estrutura do grao, cun gran número deles coa categoría de doctores.

- % de docentes doutores no curso 2010-2011: 55%
- % de docentes doutores no curso 2011-2012: 66,7%
- % de docentes doutores no curso 2012-2013: 67.3%

Deste xeito, máis da metade do profesorado ostenta o título de doutor o que implica unha maior calidade docente engadida á dedicación a tempo completo de todo este profesorado.

O procedemento de selección do Persoal de Administración e Servizos efectúase a través de Xerencia e o Servizo de Persoal e Administración de Servizos da Universidade de Vigo, mediante un proceso de selección que garantiza os principios de igualdade, mérito e capacidade. Os equipos decanais, xa que logo, non ostentan competencias en materia de selección do devandito persoal.

A modo de reflexión conxunta para os dous centros, debe destacarse que o persoal académico con responsabilidades docentes nas dúas Facultades presenta unha destacada experiencia docente e investigadora como reflicten os quinquenios e sexenios acreditados así como os resultados positivos obtidos nas enquisas de avaliación realizadas.

O procedemento de selección do Persoal de Administración e Servizos efectúase a través de Xerencia e o Servizo de Persoal e Administración de Servizos da Universidade de Vigo, mediante un proceso de selección que garantiza os principios de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e non discriminación de persoas con discapacidade. Os equipos decanais, xa que logo, non ostentan competencias en materia de selección do devandito persoal.

2) Publicidade e accesibilidade aos datos do profesorado:

Nas páxinas webs das Facultades de Dereito de Ourense, e Ciencias Xurídicas e do Traballo no apartado rubricado "profesorado" figuran, agrupados por área de coñecemento, os profesores encargados de impartir docencia no centro. Respecto dos mesmos, sinálanse, a súa categoría profesional, os seus datos de contacto (teléfono e correo electrónico), así como o lugar e horarios de titorías.

3) Procedemento de revisión periódica da adecuación do profesorado e persoal de apoio á ensinanza do Grao en Dereito: Posto que as facultades non teñen competencias para revisar a adecuación do PDI e do PAS as ensanzas do Grao, non existe na actualidade ningún procedemento de revisión periódica da adecuación do profesorado e do persoal de apoio ás ensanzas do Grao en Dereito.

O persoal de administración de servizos da facultade de Ciencias Xurídicas está composto por:

Xefa de negociado de Asuntos Xerais con categoría de funcionario.

Conserxería: dous auxiliares de servizos por turnos distribuídos en dous turnos de traballo en relación laboral.

Secretaría: o servizo de secretaría da facultade está composto por unha xefa de área académica con categoría de funcionario, unha xefa de asuntos xerais y dous postos base.

A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo consta de 3 departamentos, os cales dispoñen dun secretario por cada departamento coa categoría de funcionario, debendo ter en conta que un dos secretarios comparte funcións dun departamento vinculado directamente con la facultade e outro vinculado á Facultade de Traducción e Interpretación.

Biblioteca: xestionada por dous persoas en dous turnos diarios dependentes dos servizos da Biblioteca da Universidade de Vigo.

Persona de apoio aos másteres: desempeñado por un funcionario interino a tempo completo con dedicación diaria de 2 horas.

Becarios dependentes do reitorado a tempo parcial e desempeñando a función de apertura e control da aula de informática (4 becarios) e a labores de calidade da Facultade (1 becario a tempo parcial).

Buenas prácticas

Ámbalas dúas Facultades profundizaron no curso 2012-2013, na implementación de boas prácticas, destinadas, como en anteriores ocasións, a tres cometidos: facilitar o desempeño das funcións docentes, facilitar o desenvolvemento de actividades de investigación e transferencia do coñecemento (e, xa que logo, mellorar o nivel da docencia impartida e en última instancia os coñecementos dos alumnos) e impulsar a estabilización e carreira académica dos docentes.

Boas prácticas para outorgar visibilidade aos recursos humanos dos Centros:

A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, en cumprimento do compromiso adquirido no Informe de Seguimento correspondente ao curso 2010-2011, procedeu á inclusión na páxina web do Centro dunha referencia á categoría e adicación do persoal docente.

Boas prácticas para facilitar o desempeño das funcións docentes:

1ª. No curso 2012-2013, do mesmo xeito que en cursos académicos anteriores, as Facultades ofertaron actividades de formación en metodoloxías docentes adaptadas ao EEES e novas tecnoloxías, en ocasións impartidas de xeito simultáneo nos dous centros mediante sistema de videoconferencia.

2ª. Conscientes da relevancia das tarefas de coordinación, tanto horizontal como vertical, a efectos de asesoramento do

profesorado implicado na docencia en grao, procédese á:

-Aplicación das respectivas normativas internas de coordinación dos graos (“Procedemento para a coordinación da docencia e a titoría do Alumnado na Facultade de Dereito de Ourense” e “Normativa Interna de Coordinación de Titulación de Grao” da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo).

-Difusión, por parte do Coordinador de Grao fundamentalmente, das metodoloxías docentes a empregar no marco dos Estudos adaptados ao EEES.

-Asesoramento, por parte do Coordinador de Grao fundamentalmente, no emprego de ferramentas informáticas de aplicación na Universidade de Vigo respecto dos Estudos adaptados ao EEES: sesións informativas, dirixidas ao profesorado implicado, sobre a plataforma “Docnet” –que permite a elaboración de guías docentes-.

Boas prácticas para facilitar o desenvolvemento de actividades de investigación e transferencia do coñecemento (e, xa que logo, mellorar o nivel da docencia impartida e en última instancia os coñecementos dos alumnos):

1ª. Colaboración, mediante a cesión de espazos e outros recursos, coas distintas áreas de coñecemento na organización de actividades de divulgación científica: organización de xornadas, seminarios, presentación de obras científicas, etc.

2ª. En concreto, procede salientar:

- No caso da Facultade de Dereito de Ourense, a contribución á publicación de artigos científicos mediante a edición, en colaboración coa Deputación Provincial, do Anuario da Facultade de Dereito de Ourense.

-No caso da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, a realización no curso académico 2012-2013 (do mesmo xeito que no curso académico precedente) dunha xornada sobre as profesións xurídico-sociais e a súa contribución ao desenvolvemento da Sociedade. Tamén se aprobou a creación dunha revista da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo para darlle difusión aos traballos de investigación do profesorado do centro e para captar traballos de investigadores alleos.

Boas prácticas para impulsar a estabilización e carreira académica dos docentes:

Na Facultade de Dereito de Ourense, no curso 2012-2013, darase continuidade ás medidas xa implementadas en cursos anteriores:

1ª. Consideración, na medida das posibilidades, das necesidades investigadoras do profesorado mediante consulta de preferencias a efectos de elaboración de horarios (vid. Procedemento de elaboración de horarios aprobado en Xunta de Facultade de 19 de xullo de 2011).

2ª. Solicitude perante a Reitoría e correlativo aumento de grupos habida conta, no seu caso, o número definitivo de alumnos matriculados.

3ª. Mellora de instalacións e renovación de equipamentos informáticos para facilitar o desenvolvemento das tarefas investigadoras.

Na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo continúaase coa política de facilitar a conciliación da vida persoal e laboral no momento de realizar os horarios de docencia e, para iso, celebráanse as oportunas reunións de planificación e distribución da docencia.

Tamén hai que salientar o papel activo do Decanato, na medida en que non ten competencias específicas, de solicitar á Reitoría prazas de profesorado para determinadas materias, así como a previsión de grupos adicionais e reducidos.

Propostas de mejora

Para outorgar visibilidade aos recursos humanos dos Centros:

Publicación na páxina web da Facultade de Dereito de Ourense dunha referencia breve ao curriculum académico e investigador do profesorado (debe destacarse que a páxina web da Facultade de Dereito de Ourense foi reformada no curso 2011-2012 en cumprimento dos compromisos asumidos no marco do Informe de Seguimento correspondente ao curso 2010-2011. Con todo a remodelación da páxina web non está rematada, ao acollerse o Centro a prerrogativa ofrecida pola Área de Apoio á Docencia e Calidade de empregar un diseño corporativo da Universidade de Vigo. O proceso de renovación rematará no curso 2013-2014.

Apréciase asimesmo unha mellorable proporción de doutores e persoal estable nas dúas facultades.

A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo volverá a instar aos departamentos a que publiquen na súa páxina web a experiencia docente e as áreas da súa especialidade investigadora e de transferencia de coñecemento. O Departamento de Dereito Público Especial xa incorporou as liñas de investigación á súa páxina web, quedando pendentes de facelo o Departamento de Dereito Público, que xa inclúe a relación de profesorado por área de coñecemento así como as materias da súa responsabilidade, e o Departamento de Dereito Privado que non ten páxina web.

Para facilitar a formación pedagóxica e o desempeño das funcións docentes:

Realizaranse actividades de divulgación das metodoloxías e obxectivos dos Estudos adaptados ao EEES, fundamentalmente dirixidas aos docentes.

Para Impulsar o desenvolvemento de actividades de investigación e transferencia do coñecemento:

No curso 2013-2014, continuarase na senda de colaboración coas áreas de coñecemento na organización de actividades de divulgación científica, así como na publicación do Anuario da Facultade de Dereito de Ourense. Ao respecto hai que sinalar que se transformará este Anuario nunha publicación electrónica coa finalidade de incrementar o seu índice de impacto, ademais de mellorar á accesibilidade e, xa que logo, incrementar a súa difusión.

Comenzarase a divulgación dos coñecementos do profesorado e dos investigadores a través da revista da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, de xeito que tamén sirva de soporte para a difusión de traballos relevantes de fin de grao e de máster.

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

PAM derecho.pdf

Evidencia de:

Grado en Derecho

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Recursos materiales y servicios" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Garantía de la calidad de los recursos materiales y servicios" del Programa FIDES-AUDIT.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Recursos materiales y servicios. Valoración general del cumplimiento del criterio

Valoración general del grado de cumplimiento del criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

Os Decanatos de ámbalas dúas Facultades son os órganos responsables da revisión periódica dos medios materiais e servizos adscritos aos centros, asegurando, na medida da dispoñibilidade orzamentaria, a súa adecuación ás actividades formativas do título. A detección de necesidades materiais de docentes, persoal de administración e servizos e alumnos realízase mediante á atención, polo equipo decanal, das demandas transmitidas ben directamente, ben a través dos correspondentes buzóns de queixas e suxerencias polos citados colectivos.

Os servizos de carácter complementario, tales como o servizo de reprografía ou o servizo de cafetería e comedor, atendidos por empresas privadas, ríxense pola normativa de concesións e contratos do Estado.

Neste apartado hai que destacar a aprobación dunha concesión para a administración de material funxible con carácter xeral para todos os centros da Universidade de Vigo, de xeito que a compra de material está limitado ao catálogo que ofrece a empresa concesionaria. Sería deseable unha mellora na calidade dos materiais e a posibilidade de utilizar a imaxe dos centros para este tipo de material.

FACULTADE DE DEREITO (CAMPUS DE OURENSE):

A Facultade de Dereito conta coas infraestructuras e equipamentos necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas do Grao en Dereito. A ala do Edificio Xurídico-Empresarial na que se atopa a Facultade de Dereito con cos seguintes espazos:

a. 10 aulas situadas no primeiro e segundo andar do edificio dotadas de cañón de vídeo e dun número variable de postos:

-Aulas dotadas de cañón de vídeo: todas

-Núm. de postos por aula e núm. de postos de ordenador:

Aula 1.1: 96 postos

Aula 1.2: 110 postos
 Aula 1.3 (aula informática): 70 postos, 34 postos con ordenador
 Aula 1.4: 113 postos, 4 postos con ordenador
 Aula 1.5: 112 postos, 2 postos con ordenador
 Aula 2.1: 111 postos, 3 postos con ordenador
 Aula 2.2: 110 postos, 8 postos con ordenador
 Aula 2.3: 66 postos
 Aula 2.4: 113 postos, 4 postos con ordenador
 Aula 2.5: 111 postos

b. 2 laboratorios de informática (0.2 y 0.3 "Aula Aranzadi) dotados de cañón de vídeo e 15 postos cada un -susceptibles de utilización individual ou conxunta -cun total de 30 postos.

c. 8 seminarios:

-Núm. de seminarios dotados de cañón de vídeo: 3 (núms. 0.1, 3.2, e 4.2) cunha capacidade variable de 15 a 20 postos cada un.

d. Outros espazos:

Aula magna "Concepción Arenal": dotada de cañón de vídeo, 204 postos

Espacios dotados de videoconferencia: Sala de Videoconferencias (antigo seminario 5.1) dotado de 2 cañóns de vídeo e 15 postos e Sala de Videoconferencias (planta baixa) cunha capacidade máxima de 35 postos.

Sala de Xuntas (Decanato): dotada de cañón de vídeo: 15 postos

Espazos e Servizos compartidos coa Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo:

Salón de graos: dotado de cañón de vídeo e 107 postos.

Sala de estudio: 121 sillas / 23 mesas de estudio / 2 postos de consulta BB.DD Zona de libre acceso a equipos informáticos:

Sala de informática de libre acceso: situada encima da sala de estudio. Conta con 37 ordenadores persoais e impresoras.

Alén das instalacións de informática sinaladas, cómpre indicar que os alumnos da Facultade de Dereito e da Facultade de Ciencias Empresariais poden beneficiarse, como servizo adicional, dun programa de empréstito gratuito de portátiles, organizado desde o Vicerreitorado do Campus de Ourense, que conta cun total de 36 ordenadores portátiles dispoñibles para este servizo

A normativa que rexe este servizo de empréstito de portátiles ós alumnos atópase publicada na web da Facultade de Dereito neste enlace:

http://www.dereito.uvigo.es/documentos/normativa/Normativa_Emprestimo_Portatiles.pdf

5 aulas novas, de recente construción, todas elas dotadas de ordenador e cañón, de vídeo, situadas no primeiro piso do edificio xurídico-empresarial: 1A, 1B, 1C, 1D e 1E, cada unha delas cunha capacidade de 24 postos.

e. Despachos:

-Profesorado: 40
 -PAS: 6
 -Asociacións de alumnos: 3

f. Outras instalacións e servizos:

-Biblioteca Central do Campus de Ourense situada en edificio propio próximo á Facultade

- Delegación de alumnos: espacio situado na planta baixa do edificio dotada de equipamento informático
 - Servicio de reprografía: o Centro conta cunha fotocopiadora profesional dispoñible para os alumnos, que estes poden utilizar cun sistema de tarxeta prepago.
 - Servicio de cafetería e comedor: servicio situado na planta baixa do edificio, de uso compartido coa Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo
 - Instalacións deportivas e servizo de deportes do Campus de Ourense.
 - Servicio de aparcamento situado na planta soto do edificio con prazas reservadas a minusválidos, de uso compartido coa Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo
- g. Outros recursos para a docencia:
- Conexión inalámbrica a internet
 - Recursos docentes en Rede: plataforma FAITIC
 - Web da Facultade de Dereito

FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (CAMPUS DE VIGO):

Si ben a meirande parte das novas infraestructuras previstas na Memoria, executáronse durante estes anos, na actualidade xa se pon de manifesto que as instalacións adicadas á docencia son insuficientes. A capacidade das aulas adáptase de forma xeral coas necesidades diarias pero a dos seminarios encóntrase en moitos casos sobrepasada polo volume de alumnos que acuden aos mesmos, polo que os docentes encóntranse obrigados a utilizar outros espazos menos axeitados a tal efecto.

Os recursos son insuficientes tendo en conta a implantación dos Graos e os posgraos, especialmente, o "Máster de acceso á Avogacía" e o Máster en Dereito de Empresa. Precísanse aulas destinadas á docencia de posgrado, que polas súas peculiaridades, require outro tipo de infraestructuras ao ser un grupo de alumnos reducido, utilizar unha metodoloxía docente distinta á dos graos e ao utilizar o alumnado materiais como ordenadores, códigos, monografías, expedientes e outros.

Tamén é preciso espacio para realizar reunións de profesorado para a oportuna coordinación das materias e dos contidos da titulación. A necesidade de xuntar a un grupo de profesores para debatir certas cuestións aconsella contar con salas adecuadas para esta finalidade. Estas mesmas instalacións poderían utilizarse para as reunións do Plan de Acción Titorial.

Asimesmo as áreas de servizos administrativos, espazos destinados a reunións, seminarios, actividades extracurriculares, así como o espazo destinado á dirección do centro tamén resultan claramente insuficientes.

Os despachos dos profesores na súa meirande parte, son pequenos en canto á súa dimensión para poder facer as titorías previstas no Título. A necesidade de novos e máis amplos espazos está xustificada, xa que, o número de espazos adicados á docencia son insuficientes para o volumen de alumnos diario.

O número de docentes cos que conta o centro, determinado polo número de alumnos matriculados, provoca que en moitos casos estes docentes se encontren na obriga de compartir os despachos, algúns cun tamaño insuficiente para ter máis de un docente por despacho. Ademais isto ten un efecto claramente negativo nos horarios establecidos para as titorías, tamén perxudicando gravemente á capacidade investigadora dos docentes, e conseguintemente, á capacidade investigadora do Centro.

Os espazos utilizados a labores de carácter administrativos se atopan en moitos casos divididos en diferentes zonas da facultade por non poderse centralizar nun único lugar, e as veces tendo utilizadas zonas da facultade non destinadas inicialmente para ese fin.

A pesar de todos estes problemas, os docentes, os alumnos e o persoal da facultade colabora dunha forma crucial para que, ante todo, estas deficiencias non perxudiquen á calidade da docencia impartida no centro.

Neste senso, realizouse a petición ao Vicerrector para que se invierta un maior volumen de recursos nas infraestructuras do centro por parte da universidade. De momento, se están a realizar grandes esforzos por parte do profesorado, persoal de administración, decanato e alumnado para que os problemas de espazos non perxudiquen seriamente á calidade da docencia.

Respecto a novas dotacións que sexan necesarias para desenvolver a implantación do Título, correspóndelle aos Decanatos a revisión e petición ós órganos encargados da Universidade de Vigo.

Por tanto, a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo conta no curso académico 2011- 2012 cos recursos materiais e servizos seguintes:

AULAS

A1: 93 Postos.

A2: 90 Postos.

A3: 72 Postos.

A4: 50 Postos.
B1: 72 Postos.
B2: 50 Postos.
B3: 110 Postos.
B4: 90 Postos.
B5: 122 Postos.
C1: 72 Postos.
C2: 50 Postos.
C3: 110 Postos.
C4: 90 Postos.
D1: 82 Postos.
A101: 51 Postos.
A102: 38 Postos.

(Todas elas teñen un posto co ordenador e están dotadas con cañón de vídeo)

LABORATORIOS DE INFORMÁTICA

C5: 40 Postos.
C6: 40 Postos.

(Todos eles teñen cañón de vídeo)

SEMINARIOS

A301: 24 Postos.
B301: 24 Postos.
A201: 24 Postos.
C301: 24 Postos.
C201: 24 Postos.
D301: 24 Postos.
D201: 24 Postos.

(Todos eles teñen un posto co ordenador e cañón de vídeo)

SALA DE XUNTAS

A302: 14 Postos.
B202: 14 Postos.
B302: 14 Postos.
C202: 14 Postos.
C302: 14 Postos.
D202: 14 Postos.
D302: 14 Postos.

(todas elas teñen un posto co ordenador e cañón de vídeo)

SALÓN DE GRAOS: 154 Postos, cañón de vídeo, ordenador

AULA DOTADA CO SISTEMA DE VIDEOCONFERENCIA: 30 Postos, cañón de vídeo, ordenador

SALA DE XUNTAS A205 (DECANATO): 16 Postos.

DELEGACIÓN DO ALUMNADO D201: 30 Postos, cañón de vídeo, ordenador

ZONA DE LIBRE ACCESO A EQUIPOS INFORMÁTICOS: 40 Postos, cañón de vídeo, ordenador

Tamén e destacable a dotación do Salón de Graos con un equipo de videoconferencia multipunto.

DESPACHOS

Profesorado: 67

Persoal de Administración e Servizos: 8

Para asociación de alumnos: 1

OUTRAS INSTALACIÓNS E SERVIZOS:

Biblioteca situada no edificio da Facultade

Servizo de reprografía: servizo situado na planta baixa da facultade.

Servizo de cafetería e comedor: servizo situado no edificio.

Servizo de aparcamento con prazas reservadas a minusválidos.

Outros recursos para a docencia:

Conexión inalámbrica a internet

Recursos docentes en Rede: plataforma FAITIC

Web da Facultade de Dereito

Buenas prácticas

FACULTADE DE DEREITO (CAMPUS DE OURENSE):

A Facultade de Dereito, continuou no curso 2012-2013, en liña cos obxectivos xa emprendidos en cursos anteriores e segundo o plan de mellora sinalado no informe de seguimento aprobado de 2011, á remodelación dos seus espazos e servizos coa finalidade dar resposta ás novas demandas do Grao e acadar unha óptima utilización dos mesmos. Así, compre salientar, entre outras, as seguintes reformas:

- Reformas dos despachos do 3º e 4º andar en orde a súa ampliación: os devanditos despachos, dotados de mesas de reunión son así empregadas para tarefas de titorización e seguimento persoalizado do alumnado (no curso anterior, procederáse á reforma dos despachos do 5º andar).
- Renovación periódica dos equipos informáticos e canóns de vídeo das diferentes aulas.
- Mantemento do mobiliario das aulas.

FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (CAMPUS DE VIGO):

- Dende 2008 a Facultade comezou as obras de adaptación aos Graos coa subdivisión de aulas.
- Dende a implantación da titulación no ano 2009, melloráronse as instalacións docentes a través da dotación de cañóns de vídeo nas aulas.
- Instalouse un sistema de vídeo conferencia en dúas salas: Aula de Vídeo Conferencia e Salón de Graos,
- No ano 2010/11 dotouse de novo mobiliario aos despachos de profesores e seminarios
- Instaláronse bancos nos pasillos coa finalidade de facilitar a estancia do alumnado.
- Dispoñibilidade de conectividade á rede wifi nas aulas.
- Acondicionamento acústico da aula de videoconferencia.
- Un procedemento propio para a compra de materiais e selección dos provedores, que non se atopen suxeitos á Lei de Contratos do Estado.
- Dotación de megafonía en tódalas aulas de docencia

Propuestas de mejora

FACULTADE DE DEREITO (CAMPUS DE OURENSE):

- No curso 2013-2014 continuarase, habida conta a dispoñibilidade orzamentaria, coa remodelación dos despachos restantes coa finalidade de adaptalos as novas tarefas docentes de titorización e seguimento persoalizado do alumnado.
- Nova remodelación da páxina Web: en cumprimento dos compromisos asumidos no marco do Informe de Seguimento correspondente ao curso 2010-2011 o centro decidiu remudar completamente á paxina web da Facultade posto que aínda que cumpre todos os parámetros requeridos en materia de calidade e información pública, considérase necesario modernizala e actualizala.

FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (CAMPUS DE VIGO):

- Reiterar a Petición de ampliación á Vicerrectoría correspondente dos espazos destinados aos servizos administrativos. Neste senso se solicitará o traslado da cafetería a unha construción anexa.
- Reiterar a Petición de ampliación á Vicerreitoría correspondente dos espazos útiles da Facultade destinados a decanato, salas de titorías, seminarios, salas de reunión.
- Dotación de megafonía en todas as aulas de docencia
- Dotación de puntos fixos de toma de red nas aulas para ordenadores do profesorado.
- Realizar unha reordenación dos despachos nos bloques da Facultade para intentar mellorar a distribución dos mesmos.
- Incorporar un conxunto de ordenadores nos seminarios e un de libre acceso ao alumnado para o establecemento dunha base de datos de formularios de carácter xurídico.
- Introducir a mencionada base de datos.

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

PAM derecho.pdf

Evidencia de:

Grado en Derecho

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Resultados previstos" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y las directrices de "Análisis y utilización de los resultados para la mejora de los programas formativos" y "Publicación de la información y rendición de cuentas sobre los programas formativos" del Programa FIDES-AUDIT.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Resultados previstos. Valoración general del cumplimiento del criterio

Valoración general del grado de cumplimiento del criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

1. Análise de indicadores relevantes:

1.1. Taxa de rendemento

1.1.1. Facultade de Dereito (Campus de Ourense) Valores estimados na Memoria vixente do título: a memoria vixente do título non establece valores estimados

Curso 2009-2010: 61,97 %

Curso 2010-2011: 59,72 %

Curso 2011-2012: 58,90 %

Curso 2012-2013: 68,32%

1.1.2. Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (Campus de Vigo) Valores estimados na Memoria vixente do título: a memoria vixente do título non establece valores estimados. Los datos disponibles del SGIC son los siguientes:

Curso 2009-2010: 81,95 %

Curso 2010-2011: 69,87 %

Curso 2011-2012: 68,49 %

Curso 2012-2013: 66.47%

Con carácter xeral, a análise e interpretación dos valores indicados resulta sumamente complexa pola concurrencia das circunstancias seguintes:

a. Ausencia de previsión, na Memoria do Título, de valores estimados relativos á taxa de rendemento do título (a devandita Memoria só contempla valores estimados relativos á taxa de eficiencia, certamente relacionada coa taxa de rendemento). Ausencia de datos definitivos que poidan ser empregados de xeito fiable.

Análise e interpretación dos valores correspondentes á Facultade de Dereito (Campus de Ourense):

A taxa de rendemento da Facultade de Dereito de Ourense móstrase constante, sendo a oscilación por curso académico de carácter mínimo. A leve tendencia amsada parece froito de dous factores basicamente: por un lado, o número cada ano máis amplo de alumnos a considerar -como consecuencia da implantación paulatina do Grao- ; por outra banda e en relación co anterior, a maior dificultade inherente aos últimos cursos da titulación -habida conta a suma frecuente de materias correspondentes ao novo curso realizado e así mesmo a cursos anteriores-. Nembargantes cómpre salientar unha considerable mellora da taxa de rendemento no curso 2012-2013, coincidindo coa finalización do proceso de implantación do Grao en Dereito.

En todo caso, a efectos de valoración da taxa de rendemento –% de créditos superados respecto dos créditos matriculados- debe considerarse se o alumno se matricula cada curso de tódolos créditos ou de parte dos mesmos. Pois, no primeiro caso –suposto moi frecuente- unha taxa de rendemento arredor do 65% debe valorarse positivamente.

Análise e interpretación dos valores correspondentes á Facultade de CCXX e do Traballo (Campus de Vigo):

No caso do Grao en Dereito na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, aínda que na memoria do título non existe ningún valor con esta taxa, vamos a ter en conta de forma global o valor da taxa de eficiencia. Así, no ano 2009-10 a taxa de rendemento acadada (81,95%) pon de manifesto que previsiblemente se poderá acadar novamente nun futuro. Certamente no ano 2010-2011 houbo un pequeno descenso que continúa nos anos sucesivos, que puido deberse a que os alumnos se atopaban nun proceso de adaptación ao EEES, enfrontándose a una metodoloxía moi distinta da etapa anterior de educación secundaria e á propia estrutura do plan de estudos

No curso académico 2012-2013 mantense a taxa de rendemento do ano anterior cunha pequena desviación á baixa, o que nos leva a considerar que deben intensificarse as actividades para melloralas nun futuro próximo. Agora ben, seguimos constatando que os alumnos atopan dificultades á hora de levar a cabo o traballo autónomo necesario e imprescindible no título de grado.

Así mesmo, esta pequena desviación pode ser debida a que os contidos formativos das materias non están plenamente adaptadas ao Grao, sendo nalgún caso repetición da metodoloxía empregada na licenciatura. Para correxir esta última cuestión, dende o equipo decanal fomentouse a través de cursos de formación dirixidos aos profesores que se fixeran cronogramas das materias.

Por outro lado, debe terse en conta que a taxa de eficiencia tamén pode estar condicionada polos valores e actitudes do alumnado que poden ser diferentes nalgunhas promocións polo que non resulta fácil valorar o seu cumprimento, sobre todo tendo en conta que a taxa de abandono é significativamente baixa.

1.2. Taxa de abandono do título:

1.2.1. Facultade de Dereito (Campus de Ourense)

Valores estimados na Memoria vixente do título: <18

Curso 2009-2010: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2010-2011: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2011-2012: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2012-2013: 9,09%

1.2.2. Facultade de Ciencias Xurídicas e do traballo (Campus de Vigo)

Valores estimados na Memoria vixente do título: <18

Curso 2009-2010: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2010-2011: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2011-2012: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2012-2013: 4.90 % (ACSUG)

A taxa de abandono é baixa e, practicamente, inexistente polo que a continuación de estudos é un feito en ámbalas dúas Facultades. Os casos de abandono son debidos, case practicamente, a motivacións axenas aos estudos.

1.3. Taxa de eficiencia do título:

1.3.1. Facultade de Dereito (Campus de Ourense)

Valores estimados na Memoria vixente do título: >70%

Curso 2009-2010: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2010-2011: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2011-2012: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2012-2013: 96,33%

1.3.2. Facultade de Ciencias Xurídicas e do traballo (Campus de Vigo)

Valores estimados na Memoria vixente do título: <70%

Curso 2009-2010: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2010-2011: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2011-2012: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2012-2013: 96.66%

A taxa de eficiencia ten resultados altos e próximos ao cento por cento, polo que a valoración extraída dos datos é positiva. As actuacións a realizar deben continuar esta mesma senda e aspirar a acadar unha porcentaxe do 100%.

1.4. Taxa de graduación do título:

1.4.1. Facultade de Dereito (Campus de Ourense) Valores estimados na Memoria vixente do título: >50

Curso 2009-2010: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2010-2011: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2011-2012: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2012-2013: Datos non dispoñibles

1.4.2. Facultade de Ciencias Xurídicas e do traballo (Campus de Vigo)

Valores estimados na Memoria vixente do título: >50

Curso 2009-2010: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2010-2011: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2011-2012: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2012-2013: Datos non dispoñibles.

Os datos de graduación non son definitivos, polo que non se pode facer unha avaliación dos resultados.

2. Procedementos para valorar o progreso e os resultados da aprendizaxe:

En ámbalas dúas Facultades, para a medición, análise e mellora de resultados do título empréganse os instrumentos seguintes:

-Análise das taxas de rendemento, eficiencia, abandono e graduación consonte os datos proporcionados pola Universidade de Vigo. Con todo, debe destacarse que, posto que o título aínda se atopa en fase de implantación, algúns dos indicadores citados no permiten aínda reflexar os resultados do título.

-Análise das queixas e suxerencias recibidas, consonte os procedementos previstos no SGIC de cada Centro.

-Plan de Acción Titorial e, ao amparo do mesmo, tutoría personalizada do alumnado polos Coordinadores e titores nomeados.

-Enquisas de satisfacción.

Buenas prácticas

-Análise, con periodicidade anual e con ocasión da realización do Informe de seguimento de taxas de rendemento,

eficiencia, abandono e graduación consonte os datos proporcionados pola Uvigo.

-Contraste, con periodicidade anual e con ocasión da realización do Informe de seguimento, de resultados acadados nos dous Centros nos que se imparte o Título.

-Accións de promoción da participación de alumnado e profesorado nas Enquisas de satisfacción: campañas de información nas aulas e remisión de correos electrónicos, etc.

Propuestas de mejora

-Establecer un calendario de análise dos resultados da titulación, con participación dos colectivos de PDI, PAS e alumnado, ao marxe da realización do informe de seguimento.

-Instar á Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade á remisión das taxas de eficiencia, abandono e graduación.

- Modificar o plan de estudos para correxir certas disfuncionalidades apreciadas e facilitar o estudo por parte do alumnado.

Breve descripción de las modificaciones

Justificaciones de las modificaciones

PAM derecho.pdf

Evidencia de:

Grado en Derecho

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Sistema de garantía de calidad" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y el Sistema de Garantía Interna de Calidad (SGIC) del Centro.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Sistema de Garantía de Calidad. Valoración general del cumplimiento del criterio**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**FACULTADE DE DEREITO (CAMPUS DE OURENSE):**

O Sistema de Garantía Interno da Calidade (SGIC) da Facultade de Dereito, deseñado conforme ao previsto ao efecto no Real Decreto 1393/2007 e ás bases do Programa Fides-Audit, foi aprobado, na súa actual versión e logo das reformas efectuadas en resposta ao Informe de ACSUG, con data do 5 de marzo de 2010.

O devandito Sistema non foi obxecto de reforma no curso 2011-2012, contemplando xa que logo procedementos, periodicamente nutridos coas correspondentes evidencias, destinados a: avaliación da calidade da ensinanza (registro de mecanismos de control de obrigas docentes –partes de docencia e exames -, aprobación e implantación no curso 2011-2012 do procedemento para a detección de incumprimento de titorías, aprobación, implantación e rexistro do PAT para o curso 2012-2013...), control da implantación do título e de funcionamento dos órganos de xestión do título (registro de actas de Xuntas de Facultade e comisións delegadas celebradas no curso 2012-2013), control do grao de satisfacción de PDI, PAS e alumnado (registro de evidencias do fomento de participación nas enquisas de satisfacción, registro e análise de enquisas de satisfacción, registro de queixas e suxerencias recibidas e respostas emitidas). Compre salientar que durante o curso 2012-2013 se aprobou pola Xunta de Facultade un novo "Procedemento de Definición de Perfiles e Captación de Estudiantes. Plan de Promoción e Captación de Estudiantes da Facultade de Dereito" debidamente rexistrado no SGIC.

FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (CAMPUS DE VIGO):

Logo da obtención do certificado nº 49/10, de 26 de abril de 2010, cun resultado de informe positivo conforme ás directrices establecidas para o programa FIDES AUDIT, o SIGC da Facultade de CCXX e do Traballo conforma unha ferramenta importante para o mantemento e mellora da calidade educativa.

O SGIC incrementou, como viña facendo ano tras ano o número de evidencias que son o reflexo non só da súa

implantación senón tamén da súa posta en marcha e do compromiso por parte da Facultade. Deuse cumprimento as 14 propostas de mellora.

O SGIC contemplado na memoria de verificación (Memoria de Verificación) non só depende dos procedementos contidos no mesmo, tamén a correspondente comisión –obxecto das pertinentes renovacións- contribúe en gran medida a súa revisión e actualización.

Buenas prácticas

FACULTADE DE DEREITO (CAMPUS DE OURENSE):

No curso 2012-2013, o Centro proseguiu na liña iniciada cursos anteriores e encamiñada á mellora da xestión de documentos e rexistros do SGIC, ao fomento da participación de PDI, PAS e alumnado nos diversos instrumentos de avaliación e control da calidade e á análise dos resultados acadados co obxecto de planificar e executar eventuais plans de mellora.

Así mesmo, na páxina web do Centro mantense o rótulo “Calidade”, no que se atopan publicados tanto o Manual de Calidade o como os distintos procedementos que compoñen o SGIC.

FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (CAMPUS DE VIGO):

- Máis de 300 evidencias ligadas ao SGIC no centro, das cales 35 pertencen á titulación propia, e 140 vinculadas ao centro e por tanto tamén á titulación de forma directa.
- Asegurar a presenza e composición equilibrada da CIGC e dos coordinadores e coordinadoras das titulacións conforme ao establecido na Disposición Adicional 1ª da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Implicación activa dos coordinadores nas distintas reunións planificadas pola Área de Apoio á Docencia e Calidade da Universidade de Vigo e que como partes interesadas na titulación fomentan dita participación.
- Emprego de aplicacións informáticas e plataformas que permiten compartir entre coordinadores toda a información do título.
- Corrección da nomenclatura dos procedementos e subprocedementos dentro da plataforma do SIGC.
- Publicación do manual e procedementos do SIGC dentro da páxina web do centro.
- Revisión e actualización de enlaces na páxina web do centro.
- Procedeuse á aprobación dun novo conxunto de procedementos que simplifican as labores de calidade do centro.

Propuestas de mejora

FACULTADE DE DEREITO (CAMPUS DE OURENSE) e FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (CAMPUS DE VIGO):

Mantéñense as propostas de mellora de informes anteriores, tendo en conta que estas propostas identifican accións que competen á Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade, en relación coas que dende o Centro só se pode rexistrar o problema, comunicálo aos órganos competentes e solicitar dos mesmos unha solución de mellora.

A xestión do SGIC resulta dificultosa por dúas razóns fundamentalmente: por unha banda, a súa complexidade mesma ao entrañar excesiva burocracia; por outra banda, a carencia de persoal de administración con funcións na materia (na actualidade, o centro só dispón dun bolseiro con dedicación parcial). Por elo, proponse:

- Solicitar á Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade que prosiga na tarefa emprendida de simplificación e racionalización do SGIC.
- Solicitar á Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade que dote ao Centro de persoal de administración con funcións na materia.

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

PAM derecho.pdf

Evidencia de:

Grado en Derecho

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Calendario de Implantación. Valoración del cumplimiento del criterio

Valoración general del grado de cumplimiento del criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

A implantación do Grao lévase a cabo con absoluta normalidade en ámbalas dúas Facultades: así, no curso 2012-2013 implantouse, segundo o previsto, o curso 4º do Grao en Dereito.

Non se prevén modificacións respecto ao cronograma inicial de implantación do novo plano de estudos.

FACULTADE DE DEREITO (Campus de Ourense):

Na páxina web da Facultade de Dereito atópase publicada a información seguinte

(http://dereito.uvigo.es/index.php?option=com_content&view=article&id=3&Itemid=6&lang=es):

- materias correspondentes á licenciatura non impartidas pero obxecto de exames, con indicación de profesorado responsable e datas e horas de exames.

- programas das materias con docencia ou non correspondentes á licenciatura e acceso ao impreso de solicitude de programas/guías docentes de materias.

- táboa de adaptacións entre plans de estudos correspondentes á Licenciatura: plan estatal de 1953 e de plan da Licenciatura en Dereito da Universidade de Vigo de 1994.

- táboa de adaptacións entre o plan de estudio da Licenciatura en Dereito da Universidade de Santiago (2004) e o plan de estudio da Licenciatura en Dereito da Universidade de Vigo de 1994.

- Procedemento de adaptación da Licenciatura en Dereito ao Grao en Dereito (http://dereito.uvigo.es/documentos/alumnado/licenciatura/adaptaciones/TablaReconocementosLicenciaturaDereito_Plan1994_Grao_Dereito.pdf.)

FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (CAMPUS DE VIGO):

Na páxina web da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Tráballo atópase publicada a información seguinte:

-materias correspondentes á licenciatura non impartidas pero obxecto de exames, con indicación de profesorado responsable e datas e horas de exames.

-programas das materias con docencia ou non correspondentes á licenciatura e acceso ao impreso de solicitude de programas/guías docentes de materias.

Buenas prácticas

- Implantación do Título de Grao en Dereito sen interferencias co Plan de Estudos obxecto de extinción.
- Cumprimento do compromiso adquirido no informe de seguimento correspondente ao curso 2010-2011 de publicación na páxina web dos centros das táboas de tránsito da Licenciatura en Dereito ao Grao en Dereito

Propuestas de mejora

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

Evidencia de:

Grado en Derecho

Adjuntar documento cumplimentado de acciones realizadas ante recomendaciones del IF e informes de seguimiento anteriores



Tabla de acciones ante recomendaciones grado en derecho 2012-2013.rtf

Evidencia de:

Grado en Derecho

Adjuntar tabla cumplimentada de "Relación del SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales".



indicadores incluídos en el SIGC grado en derecho.pdf

Evidencia de:

Grado en Derecho

Adjuntar tabla síntesis de acciones de mejora



PAM derecho.pdf